

Fisqueiroando

queren furtarnos os bosóns de Higgs
(cariñosamente chamados bousóns)
logo de tanto esforzo procurándoos
polas curvas e retortas do colisionador de hadróns

queren roubarnos as ecuacións de Maxwell
cobrarnos foros polos campos electromagnéticos
riparnos o saboroso quark encanto
convencernos de que pode haber dous fermións
con idénticos números cuánticos
e xa que logo
a materia non é impenetrábel

de mans dadas
nunha roda máis grande que a cadea de aceleración
guindemos contra o seu ukase partículas alfa
mesmo non sendo de ouro;
á procura da supersimetría
se a antimateria está composta de antipartículas
encontraremos nel só antipalabras

e aínda non habendo xa traxectorias
senón funcións de ondas
dicide comigo: traxectoria, enerxía
saíremos e entraremos nos orbitais
contemplando o sorriso do gato de Schrödinger
pois entre tantos mundos paralelos
non cabe poñer en dúbida
falarmos física na nosa lingua

Marilar Aleixandre, abril 2010
Escritora